



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Réxime fiscal da empresa I

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Réxime fiscal da empresa I   |        |       |              |
| Código                | V03G720V01523  |        |       |              |
| Titulación            | PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito  |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | OB     | 5     | 2c           |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego   |        |       |              |
| Departamento          | Economía aplicada  |        |       |              |
| Coordinador/a         | González Martínez, José Manuel<br>Álvarez Villamarín, José Carlos  |        |       |              |
| Profesorado           | Álvarez Villamarín, José Carlos<br>González Martínez, José Manuel  |        |       |              |
| Correo-e              | xmgonzalez@uvigo.es<br>xalvarez@uvigo.es   |        |       |              |
| Web                   | <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>  |        |       |              |
| Descrición xeral      | RFE é unha materia que ten como obxectivo introducir ao alumnado no campo da fiscalidade aplicada. En particular, desenvólvense dous dos impostos máis importantes que inciden na actividade empresarial: o IRPF e o Imposto de Sociedades. Esta materia tamén se imparte no PCEO de ADE-DEREITO en 5º curso, 2º cuadrimestre. |        |       |              |

## Competencias

|        |  |
|--------|--|
| Código |  |
| A2     | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |

## Resultados de aprendizaxe

|  |                                       |
|--|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Adquirir coñecementos básicos para entender o papel que desempeña a fiscalidade nas decisións económicas                                     | A2                                    |
| Desenvolver habilidades de procura, uso e comprensión da normativa tributaria vixente  |                                       |
| Entender os efectos da tributación sobre as distintas fontes de renda: traballo, capital, actividades económicas e alteracións patrimoniais. | A2                                    |
| Potenciar a capacidade de traballar en equipo buscando atopar as mellores solucións tributarias  |                                       |
| Xustificar e defender as decisións adoptadas en materia de tributación mediante estudos de caso  |                                       |

## Contidos

|  |   |
|--|---|
| Tema   |   |
| Parte I: Introducción ó Sistema Fiscal   | Obxectivos básicos. A organización da materia. O método de traballo e a súa avaliación.   |
| Tema 1: Obxectivos e metodoloxía da materia  |   |
| Tema 2: Caracterización do Sistema Fiscal Español e bases para a fiscalidade persoal e empresarial | O papel dos Impostos na realidade económica. Composición do Sistema Fiscal. Características básicas das principais figuras tributarias. |
| Parte II: O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.   | Elementos básicos do Imposto: contribuínte e unidade familiar, rendas suxeitas e exentas, período impositivo.                           |
| Tema 3: Introducción ó IRPF  |   |

|  |  |
|--|--|
| Tema 4: Rendas das Persoas Físicas                                   | Rendementos do Traballo, Rendementos do Capital, Ganancias e Perdas Patrimoniais   |
| Tema 5: Rendas de Empresarios e Profesionais individuais             | Elección do réxime de estimación da renda. Determinación da renda en Estimación Directa e Estimación Obxectiva.                                |
| Tema 6: Liquidación do IRPF  | Integración e compensación das rendas. Mínimo Persoal e Familiar. Cuota Inteira e Deducións.   |
| Parte III: O Imposto sobre Sociedades.<br>Tema 7: Introducción ó IS. | Elementos básicos do Imposto: contribuinte, resultado contable e base imponible. Periodo impositivo. Imputación temporal de ingresos e gastos. |
| Tema 8: Operacións determinantes da Base Imponible                   | Gastos non deducibles. Amortizacións. Arrendamento Financeiro. Deterioro de Valor e Transmisións Patrimoniais.                                 |
| Tema 9: Liquidación do IS  | Proceso Liquidatorio. Cuota Inteira. Deducións.  |

### Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias                 | 0.5           | 0                  | 0.5          |
| Lección maxistral                         | 22            | 22                 | 44           |
| Estudo de casos                           | 17.5          | 17                 | 34.5         |
| Prácticas con apoio das TIC               | 5             | 5                  | 10           |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0             | 25                 | 25           |
| Exame de preguntas de desenvolvemento     | 6             | 30                 | 36           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|   | Descrición  |
|---|---|
| Actividades introdutorias                 | Presentación do contido e obxectivos da materia. Metodoloxía de traballo e sistemas de control e avaliación.  |
| Lección maxistral                         | Para cada tema o docente presentará na aula as cuestións mais relevantes e formulará a metodoloxía a seguir para interpretar as consecuencias e efectos prácticos da norma tributaria. Posteriormente o alumno deberá revisar de xeito autónomo os contidos expostos.   |
| Estudo de casos                           | Realizaranse sesións prácticas que terán lugar en aulas-seminario.<br>Para cada sesión proporánse casos a estudar en grupos reducidos (de 3 ou 4 alumnos) conformados ó inicio do curso.<br>Cada grupo deberá comentar, resolver e defender os casos plantexados.<br>Os alumnos disporán previamente dos enunciados dos casos a través da Plataforma Tema e deberán elaborar no seu grupo reducido unha primeira proposta de solución xustificada que deberá ser entregada a través da Plataforma Tema antes do desenvolvemento da sesión presencial. |
| Prácticas con apoio das TIC               | As sesións prácticas en aula informática faranse de xeito individualizado e consistirán na resolución dun caso práctico empregando as aplicacións informáticas da Axencia Tributaria.<br>Para o seu desenvolvemento os alumnos disporán previamente do enunciado do caso na Plataforma Tema.  |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Cada semana, despois da sesión maxistral, abrirase un formulario práctico dixital (de resposta curta ou test) na Plataforma Tema, relativo aos contidos desenvolvidos na sesión maxistral e na práctica.<br>Trátase de actividades non presenciais que posibilitan o seguimento e avaliación do alumnado, que deberá responder nos prazos sinalados.  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                | Descrición  |
|-----------------------------|---|
| Estudo de casos             | Farase un seguimento individualizado dos resultados acadados e das dúbidas surxidas nos estudos de caso. A resolución de dúbidas realizarase preferentemente na modalidade presencial. De concurrir circunstancias extraordinarias as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos no Despacho Virtual baixo a modalidade de concertación previa. De selo caso, estas titorías tamén poderán ser colectivas sobre temas específicos. |
| Prácticas con apoio das TIC | Os/as alumnos/as resolverán de xeito individualizado casos prácticos nas aulas de informática empregando os programas da Axencia Tributaria (Simulador RentaWeb e programa Padis)   |

### Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---------------|---------------------------------------|
|            |               |                                       |

|   |  |    |    |
|---|--|----|----|
| Estudo de casos                           | A entrega das propostas de solución dos estudos de caso (prácticas) feitas en grupo avaliarase conxuntamente coas probas tipo tests: será necesario ter entregado alomenos 6 casos para ter puntuación nas probas test.  | 0  | A2 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Avaliarase e puntuarase a resolución dos test propostos despois de cada tema.<br>Este apartado de traballo persoal puntuarase sobre un máximo global de 3 puntos.<br>Será requisito necesario para obter puntuación neste apartado que o grupo ao que pertence cada alumn@ teña entregado alomenos 6 propostas de solución dos estudos de caso.  | 30 | A2 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento     | Ó remate das partes II e III do programa da materia, en dúas sesións presenciais, proporase un caso que o alumno deberá resolver de xeito individual e que permitirá avaliar o seu nivel de coñecementos e capacidade de argumentación e xustificación das decisións adoptadas.<br>A proba relativa ó IRPF puntuarase cun máximo de 4 puntos e a relativa ó IS cun máximo de 3 puntos. | 70 | A2 |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Nesta asignatura realizarase unha avaliación continua (AC) do traballo realizado polo estudante.

Para supera-la asignatura por AC deben cumprirse dúas condicións:

1. Acadar alomenos un 25% da nota en cada un dos tres apartados puntuables (test, proba IRPF, proba IS).
2. Obter alomenos 5 puntos na suma destes tres apartados puntuables (probas test e probas IRPF e IS).

A non presentación a calquera das dúas probas presenciais escritas (IRPF e IS) suporá que @ alumn@ deixa de ser avaliado en AC.

Tamén sairá da AC se non acada alomenos un 25% da nota en cada unha das tres probas realizadas (test, proba IRPF, proba IS).

A nota final por AC será a suma das notas parciais obtidas ata ese momento.

Aqueles estudantes que se queden fora da AC terán a opción de presentarse a un exame final. Este exame aportará o 100% da nota e non se terán en conta os puntos obtidos en AC.

En caso de non presentarse, pero ter feito traballo de AC, a nota será a obtida en AC.

Os estudantes que se presenten a convocatoria extraordinaria ou a convocatoria de fin de carreira realizarán un exame con dous estudos de caso (IRPF e IS). Este exame valerá o 100% da nota.

A data dos examen pode consultarse en [www.fccee.uvigo.es](http://www.fccee.uvigo.es)

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Grupo docente Fiscalidade Aplicada UVigo, **Esquemas básicos e supostos prácticos,**

**Legislación IRPF e IS actualizada 2020,**

Albi, E. y Paredes, R., **Sistema Fiscal Español (I y II),** última edición, Ariel,

Domínguez, F., **Sistema Fiscal Español,** última edición, Prensas de la Universidad de Zaragoza,

Barberán, M.A. e outros, **Ejercicios y Cuestiones de Fiscalidad,** última edición, Prensas de la Universidad de Zaragoza,

Agencia Tributaria, [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es),

NewPyme, [www.plangeneralcontable.com](http://www.plangeneralcontable.com),

#### Bibliografía Complementaria

Alonso, R., **Impuesto sobre la renta de las personas físicas. Comentarios y casos prácticos,** última edición, Centro Estudios Financieros,

Borrás, F. e Navarro, J.V, **Impuesto sobre sociedades. Comentarios y casos prácticos,** última edición, Centro Estudios Financieros,

Dominguez, F, **Planificación Fiscal Personal y de la Empresa,** última edición, Aranzadi,

Moreno, M.C e Paredes, R., **Casos prácticos de sistema fiscal,** última edición, Delta,

Portillo, M.J., **Manual de Fiscalidad. Teoría y Práctica,** última edición, Tecnos,

Pla, A. e Salvador, C., **Impuesto sobre sociedades. Regimen general y empresas de reducida dimensión,** última edición, Tirant lo Blanch,

Instituto de Estudios Fiscales, [www.ief.es](http://www.ief.es),

---

**Recomendacións**

---

**Materias que continúan o temario**

---

Contabilidade financeira avanzada/V03G020V01926

Creación e simulación de empresas/V03G020V01927

---

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

---

Decisións de financiamento/V03G020V01501

Dirección estratéxica/V03G020V01503

---

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Empresa: Matemática das operacións financeiras/V03G020V01202

Empresa: Contabilidade financeira I/V03G020V01301

---

**Outros comentarios**

---

Esta materia impártese no PCEO de ADE-Dereito en 5º Curso, 2º Cuadrimestre e o profesor responsable é Xosé Manuel González.

---

---

**Plan de Continxencias**

---

**Descrición**

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19 poderá aplicarse unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as autoridades sanitarias e a UVigo o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen:

Todas agás as prácticas en aula informática

\* Metodoloxías docentes que se modifican:

- As actividades presenciais pasarán a ser en modalidade virtual

- As prácticas en aula informática pasarán a prácticas autónomas con titorías colectivas virtuais posteriores

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

- Despacho Virtual, Aula Virtual, Foros de Fatic, correo electrónico.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

-----

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

-----

\* Outras modificacións

-----

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

manteranse as puntuacións obtidas para a AC.

\* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

-----

\* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

Dependendo das circunstancias e do desenvolvemento das actividades, as probas parciais de AC (IRPF e IS) non realizadas poderán integrarse no exame final da Convocatoria Ordinaria, mantendo os mesmos pesos.

\* Novas probas

-----

\* Información adicional

-----

---